

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP MILLADOIRO
(Malpica de Bergantiños)

(15026765)



Aquí aprendemos, xuntos soñamos.

Xuño 2020

INDICE

1. Aspectos xerais	4
1.1. Contextualización xeral, socioeconómica e demográfica.....	4
1.2. Alumnado. Número de escolares e de unidades.....	6
1.3. Profesorado.....	6
1.4. Instalacións e servizos.....	7
1.5. Equipamento cultural cercano.....	9
2. A escola que queremos	9
2.1. Decálogo do centro.....	11
2.2. Valores, prioridades e procedementos.....	13
3. Obxectivos	12
3.1. Ámbito humano, de relación e de convivencia.....	15
3.2. Ámbito pedagóxico.....	15
3.3. Ámbito institucional.....	17
3.4. De xestión e organización do centro.....	17
4. Aspectos curriculares	18
4.1. Ámbito pedagóxico.....	19
4.2. Renovación metodoloxica.....	20
4.3. A BE como motor de aprendizaxe do centro.....	20
4.4. Interdisciplinariade e agrupamentos interniveis.....	22
4.5. Deseño de horarios.....	23
4.6. Libros de texto.....	23
5. Avaliación	24
5.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	27
5.2. Criterios xerais sobre avaliacion e promoción do alumnado.....	29
5.3. Criterios para avaliar o PEC.....	30
6. Aspectos xerais para a elaboración das programacións Didácticas	30
7. Compromisos educativos entre as familias eo centro	31
7.1. Compromiso titorías.....	32
7.2. Compromiso familais.....	37
7.3. Compromiso centro.....	38

8. Revisión do PEC	38
9. Base lexislativa	39

Plans e Proxectos: ANEXOS


1. Plan de Convivencia
2. Plan Lingüístico
3. Plan Lector
4. Plan de igualdade
5. Plan de integración das TAC
6. NOFC

1. Aspectos Xerais

1.1. Contextualización xeral, socioeconómica e demográfica

O CEIP Milladoiro, está en Malpica de Bergantiños localizándose na denominada Costa da Morte. Na actualidade ten aproximadamente 5.400 habitantes, presentando unha tendencia á diminución progresiva da poboación que parece imparable nos últimos vinte anos. A capital do concello é Malpica, lugar onde se atopa o colexio, pero tamén ten outro núcleo de poboación importante: o pobo alfareiro de Buño.

Incluimos gráfica da poboación de Malpica desde 1900



O centro acolle alumnado das parroquias de Malpica, Mens, Barizo, Seaia, Vilanova e Cerqueda. No curso actual están matriculados un total de 150 alumnos, repartidos en 9 niveis educativos e oito aulas, dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 6º de Educación Primaria. Algúns nenos/as incorpóranse no 2º ciclo de Educación Primaria debido á existencia de dúas escolas nas súas parroquias, as cales forman parte dun CRA con sede noutro concello. Nos últimos cursos non recibimos ningún escolar procedente desas escolas. Destacar enorme caída da matrícula que sufrimos dos últimos anos pasando de nove niveis educativos e 18 aulas, á situación actual con soamente oito aulas.

Somos un centro educativo de titularidade pública que desenvolve a súa labor en xornada continuada de 9:00 a 14:00 h.. O centro conta con 8 unidades, 2 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. No curso 2019-20 hai un total de 150 escolares matriculados (31 en Infantil e 118 en Primaria). O ritmo de descenso na matrícula é alarmante.

A idade media é de 52,24 anos e o saldo vexetativo de -56 (IGE, 2018). O nivel de instrución da poboación é medio-baixo, presentando aínda preocupantes datos de analfabetismo entre persoas maiores de 65 anos (Instituto Nacional de Estadística). Tamén presenta este perfil medio-baixo o nivel económico, sendo a media de ingresos anuais brutos de 11.604 €(dato de 2016).

A vocación mariñeira desta vila é incuestionable pero os últimos datos estatísticos (2017) amosan que a poboación malpicá xa non ten o mar como actividade prioritaria. Na actualidade a poboación está ocupada maioritariamente no sector servizos e na industria. Do número total de empresas (642) 281 están adicadas ao sector servicios a meirande parte (588) ten un ou 2 traballadores e só 4 delas teñen máis de 20. (IGE. Instituto Galego de Estatística, 2018).

Este panorama socioeconómico tan deprimido obriga dobremente á escola pública a cumprir co seu mandato de compensadora de desigualdades sociais de partida pois, na práctica, é o único axente dinamizador da cultura no entorno dos nosos escolares. Cómpre dicir a favor do noso alumnado que conta cunha sólida estrutura familiar que os rodea e coa que podemos contar á hora de establecer programas e medidas que precisen continuidade máis aló do horario escolar.


A nosa poboación escolar ten case na totalidade como lingua materna o galego. Tan só un 10% das familias afirman ensinarlle a falar aos seus fillos en castelán, mentres que un 58,57% afirman facelo en galego e un 30% nas dúas linguas. En calquera caso, nenos e nenas viven inmersos nunha contorna lingüística galego falante.

En xeral os alumnos e alumnas do CEIP Milladoiro non presentan problemas de integración nin absentismo escolar. A maioría das familias amosan interese pola educación dos seus fillos e fillas, e participan activamente en todas as propostas.

A inmensa maioría do noso alumnado pertence a familias naturais do propio concello ou limítrofes asentadas aquí durante xeracións. É frecuente a mobilidade por cuestións laborais: familias que se trasladan buscando oportunidades laborais e levan consigo aos fillos, tanto en dirección de saída coma de entrada. Tendo en conta o perfil económico deprimido, apenas temos alumnado inmigrante.

1.2. Alumnado. Número de escolares e de unidades

No curso actual (2019/2020) escolarizamos 149 nenos e nenas distribuídos en 6 cursos de primaria e 2 de Ed. Infantil tendo, por primeira vez na historia deste centro, un aula mixta (4º-5º E.I.). A caída, respecto do curso pasado foi de 19 escolares e a tendencia é a seguir perdendo alumnado como se aprecia na gráfica.



1.3. Profesorado

No catálogo do noso centro figuran os seguintes postos de traballo:

E. Infantil (suprimida 1)	4
E. Primaria	6
Filoloxía inglesa	1
Filoloxía Francesa	1
Educación Musical	1
Educación Física	1
Pedagogía Terapéutica	1
Orientación (Compartida co CEIP de Buño)	1
Audición e Linguaxe (Compartida co IES)	1
Relixión Católica (Compartida co CEIP de Buño)	1
TOTAL	18

Destacar que outros dos inconvenientes do noso centro é que é moi difícil consolidar persoal definitivo, xa que soen estar de paso e buscar afianzar o seu posto entorno as cidades, polo que cada ano soemos ter una renovación grande do claustro.

1.4. Instalacións e servizos

O CEIP Milladoiro conta cun único edificio. Dentro do propio recinto está situado o Pavillón deportivo municipal que, durante a xornada escolar, é de uso exclusivo do centro. No patio exterior cuberto, existen, asemade, dous baños para o alumnado así coma dous almacéns de material común (mesas de exterior, vasoiras...) e a sala da caldeira.

O edificio principal ten dúas plantas distribuídas nos seguintes espazos:

1º andar	2º andar	Planta Baixa
1 Biblioteca - LeoLab	4 aulas E.P.	Espazo Psicomotricidade
1 aula-Laboratorio de Cociña	1 aula apoio/convivencia	Sala Profesorado
3 aulas E.I.	1 aula Inglés (2º e 3º ciclo E.P.)	D.O.
2 aulas E.P.	1 aula Relixión Católica	ANPA
1 aula-Laboratorio <i>Pequeciencias</i>	1 aula Material	Conserxería
1 aula PDI (eventual)	1 aula arquivo	Dirección
1 aula Inglés (E.I. e 1º ciclo E.P.)	1 aula fondo libros	2 baños profesorado

1 aula Música	1 aula de Imaxe e Son (audiovisual e estudo de radio)	Comedor
2 baños alumnado (1 deles compartido coa aula de 3 anos)	1 aula-Laboratorio	
1 cuarto da limpeza	1 aula P.T.	
	1 aula A.L.	
	2 baños alumnado	
	1 baño profesorado	

No curso 2018/19 fomos seleccionados dentro da segunda fase do Plan LÍA (Lectura, información e aprendizaxe), como un dos primeiros 12 centros de Galicia para desenvolver de modo experiencial o novo modelo de biblioteca escolar. Os recursos económicos aportados pola Consellería con este fin, permitíronnos redistribuír espazos e realizar melloras nas nosas instalacións para adaptalas ás novas necesidades educativas do alumnado e implementar metodoloxías activas. Desta maneira, destacamos os espazos onde levamos a cabo os laboratorios de aprendizaxe:

- Biblioteca na que se desenvolve o *Laboratorio Documental*.
- LeoLab, aula maker-space contigua á biblioteca, onde se desenvolve o *Laboratorio de Ideas* e o *Laboratorio de Imaxe*.
- Laboratorio de Cociña, aula onde se desenvolve o Laboratorio de Ideas, concretamente o *CookLab* (cociña en Inglés)
- Laboratorios, aula no 1º andar (PequeCiencias) e aula no 2º andar, onde se desenvolve o *Laboratorio de Ciencias*.
- Aula de Imaxe e Son, aula situada no 2º andar na que se desenvolve a técnica audiovisual croma key do Laboratorio de Imaxe e acolle un estudo de radio no que se desenvolve o *Laboratorio de Son*.

1.5. Equipamento cultural cercano

1. Centro cívico
2. Pabellón
3. Asociaciones deportivas

2. A escola que queremos

No CEIP Milladoiro somos conscientes de que a educación nos países desenvolvidos atópase inmersa nun proceso de cambio e innovación. Este proceso é imparabile e así o reflicten as constantes renovacións das lexislacións educativas internacionais que os diferentes lexisladores do estado Español foron aplicando ao noso sistema nos últimos anos, especialmente a avaliación por competencias.

Os centros educativos debemos camiñar cara unha adaptación ás novas necesidades e demandas sociais, cara unha revisión das estratexias metodolóxicas máis centradas en buscar fortalezas que debilidades do noso alumnado. Entendemos que os cambios que afectan ás estruturas deben ser meditados, pausados e progresivos. E así fomos procedendo.

O noso centro afronta ese reto nas mellores condicións posibles: coa inauguración das novas instalacións no pasado curso (2018/19), froito da nosa inclusión como centro LIA-2 dispoñemos dos recursos materiais necesarios para que o reto educativo ao que se enfrenta a sociedade do s. XXI, sexa posible.

O noso colexio é o que se considera en ámbitos educativos unha *escola en tránsito*, xa que estamos no camiño entre a didáctica tradicional e a innovadora. Percorremos ese camiño en reflexión crítica constante cara un modelo centrado en experiencias de aprendizaxe, en preguntas, en proxectos, na investigación, nas estratexias do pensamento, nos contextos de aprendizaxe, nos ambientes educativos, na importancia da educación emocional... Todo elo convencidos e convencidas da necesidade de cambiar un modelo obsoleto e que non dá resposta ás necesidades educativas, competenciais e emocionais do alumnado do século XXI.

Somos un centro público defensor da escola pública, aconfesional, laica e sensible á importancia das persoas e os seus valores, tal e como se proclama na Constitución Española. Cremos firmemente no valor da educación como elemento transformador das

sociedades, da comunicación como motor para a resolución de problemas así como para comprender o mundo que nos rodea; cremos, por eso, na importancia de construír unha escola viva, activa, flexible e aberta; cremos nunha educación adaptada ao alumno e que actúe como organismo compensador das desigualdades de diversa índole. O respecto á diferenza e a convivencia entre iguais son e serán condicións *sine qua non*.

“Entre a educación tradicional baseada na autoridade, e a súa contraria, a que rexeita totalmente a autoridade, esténdese un país moi grande, repleto de posibilidades” (Wild, Educar para ser).

Sentimos a necesidade de replantexar fórmulas dadas xeración tras xeración nun mundo, o da educación, onde é preciso *Desaprender para volver a aprender* (Mar Romera).

Perseguiamos a idea de *escola intelixente* (David Perkins) entendendo esta como un centro onde o alumnado non só teña acceso ao coñecemento senón que utilice as estratexias do pensamento, un centro onde o alumnado poda transferir o aprendido á súa vida e contexto social, un centro onde os nenos e nenas acudan cada mañá contentos pois aprender resulta un proceso gozoso anque non exento de esforzo.

Camiñamos desde hai anos, na estela de ser unha *escola bibliotecaria* (Miguel Calvillo) ou a escola que se nutre de información variada en diferentes soportes e ensina ao seu alumnado a reunir, seleccionar, procesar e restituir información convertida en coñecemento.

Asumimos este ideal conscientes de que se trata dun camiño sen fin, con altos e baixos, progresos e retrocesos... sempre enfocados cara á excelencia educativa.

Cremos que a educación é o máis grande motor de transformación tanto persoal como social do que dispoñemos os seres humanos: *A educación verdadeira é praxis, reflexión e acción do ser humano sobre o mundo para transformalo* (Paulo Freire).

A escola é unha ferramenta de transformación social e a sociedade está en constante proceso de cambio. Iso obriga ao noso centro a un continuado proceso de revisión, avaliación e adaptación. Obríganos a ser unha escola transformadora, unha escola do coñecemento orientado a comprometerse co mundo e que faculte aos nosos nenos e nenas a ter voz propia. O alumnado será animado a actuar, pensar, discutir, aportar e a construír de xeito individual e colectivo nunha rede de coñecementos e aprendizaxes

ligados á vida de forma natural e espontánea para a consecución das competencias básicas.

Propoñemos que no centro o feito educativo suceda repleto de habilidades/hábitos e actitudes/valores, e non só de coñecementos curriculares. Cando propoñemos esto, comprometémonos a adicar especial atención a esta transformación incluíndo a formación do profesorado.

Para construír esta escola debemos partir do noso sentido crítico. Fronte a cada pregunta, a cada resposta, a cada estereotipo, preguntarnos se é realmente o que cremos que debe ser transmitido.

2.1. Decálogo do centro

1. A escola pertence á Comunidade. A propia metodoloxía activa do centro incidirá e necesitará da participación e implicación da comunidade educativa, en especial das nais e pais do alumnado. No século XXI, a escola non é o único axente que educa, por este motivo debemos implicar a outros axentes socializadores e facilitar os cauces para que toda a comunidade educativa asuma responsabilidades de participación.
2. O centro xestiónase con democracia e transparencia. A participación permite a discusión e análise crítica. No CEIP Milladoiro disfrutamos dun marco de relacións persoais baseado na participación, na transparencia e a coordinación; isto implica que dispoñemos das bases que impulsan o traballo en equipo e frean o individualismo. É obxectivo irrenunciabile conservar este clima de traballo integrando nel ao profesorado que chega novo cada curso.
3. Os proxectos de escola implican a todos os membros da Comunidade Educativa. O compromiso activo dunha escola comeza cando os seus membros se sinten involucrados persoal e colectivamente na súa mellora e aceptan de maneira consensuada os seus obxectivos de centro. A escasa estabilidade do profesorado neste centro aconsella dar prevalencia a este criterio.
4. O cambio e a innovación están no cerne da educación. Son sabidos e coñecidos os tempos de cambio e revolución que viviu a nosa sociedade na década que rematou e non son menores os que agardamos para esta que comeza. Neste entorno cambiante faise necesario que as escolas sexan capaces de xerar un equilibrio entre a adaptación ás

novas demandas sociais, culturais, laborais... e unha resposta crítica ás mesmas. Somos unha escola en tránsito que persigue educar alumnado competente que aprende de maneira significativa fronte a modelos exclusivamente memorísticos.

5. O aspecto formal e o informal deben combinarse de xeito óptimo. O aspecto formal represéntanno os obxectivos explícitos, as normas de funcionamento, as responsabilidades, etc. O aspecto informal representa o nivel emocional ou socioafectivo; neste nivel de funcionamento cabe buscar a creación dun clima que favoreza a aceptación mutua e a non competitividade.
6. A nosa escola compensa as desigualdades de partida. Tanto se estas son de índole persoal coma social. As primeiras están ben reflectidas nos documentos legais, que nos apoian á hora de educar ao noso alumnado con NEAE. Para elo, o centro no seu conxunto velará activamente por achegar aos usuarios todos os recursos dos que dispón a administración educativa para poñelos ao seu servizo. As segundas non son tan obvias salvo se reflexionamos en que somos un centro rural e periférico e, polo tanto, o acceso aos bens culturais supón sempre un esforzo (tamén económico, pero non exclusivamente) por parte das familias. É, polo tanto, obriga da escola compensar esas desigualdades de partida ofrecendo á cidadanía de Malpica, a mellor das educación posibles para os seus fillos e fillas. O CEIP Milladoiro, como concreción en Malpica da Administración Educativa, está obrigado por ese compromiso: estas familias non poden exercer o dereito á elección de centro. Fagamos o necesario para achegarlles a escola máis excelente de entre as posibles.
7. A nosa escola é o espazo para o desenvolvemento profesional docente. O CEIP Milladoiro é tamén un espazo de aprendizaxe para os mestres e mestras. Unha educación de calidade debe propiciar a formación continua do profesorado. O propio centro deseñará cada curso o seu plan de formación no centro no que se incluírá todo o profesorado coa idea de deseñar a formación á medida para satisfacer as necesidades que cada curso escolar nos sexan precisas para os retos que nos teñamos proposto.
8. Sen colaboración institucional non hai progreso. O CEIP Milladoiro está aberto ao contexto próximo e outras instancias sociais. A nosa escola progresará se se atopa activa e inmersa na sociedade na que vive e que xera. Esta apertura é vital para que non se fomente unha cultura pechada e endogámica. Crear ou axudar a crear redes de proximidade, colaborando co tecido asociativo do noso entorno, é unha liña de traballo

sempre aberta.

9. É o profesorado quen se amolda ao proxecto de centro e non ao contrario. Dito doutra maneira, a educación dos nenos e nenas desta escola non pode depender do factor sorte segundo o docente que lles sexa asignado. A finalidade deste Proxecto é unificar estilos de aprendizaxe, metodoloxías e liñas de actuación comúns entre todos os niveis educativos, así como garantir que o alumnado disfrute de cantos recursos ten o centro.
10. A Educación Infantil non prepara para a Educación Primaria e a Educación Primaria non prepara para a Educación Secundaria. Todas preparan para a vida. Todas teñen a súa entidade e as súas propias necesidades. Esta afirmación leva implícito ao mesmo tempo que o alumnado cubra os obxectivos que marca a administración para cada nivel e cobra especial significado no referente aos obxectivos da etapa infantil e a aprendizaxe da lectoescritura xa que a propia lexislación prevé que esa etapa traballe os obxectivos que lle son propios e non é un deles a adquisición desa destreza. Esa etapa ten entidade en sí mesma. *Cada vez que ensinamos prematuramente a un neno algo, facémoslle perder a posibilidade de entendelo por completo (Jean Piaget).*

2.2. Valores, prioridades e procedementos

1. Coeducación:

Traballamos a prol de favorecer o desenvolvemento integral das persoas máis aló do seu xénero. Traballamos para ir reducindo as desigualdades relativas ao xénero e educamos na aceptación da diversidade.

2. Compromiso co Medio Ambiente:

Coidar do mundo comeza pola nosa terra: Malpica. Estamos situados nunha contorna aínda privilexiada polo que nosa escola ten o coidado do Medio ambiente como prioridade, asumindo como propio o obxectivo nº 13 da Axenda 2030. En concordancia con iso, tódalas actividades e accións que deseñemos terán a característica de sostibles e respectuosas co medio ambiente. Transmitir ao alumnado a conciencia de cidadáns do mundo e do efecto bolboreta de cada decisión que se toma, é unha prioridade.

3. Coñecedores, partícipes e defensores da Cultura propia:

Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma (Castelao).

Precísase coñecer profundamente o propio para poder entender o mundo. Partir do que somos para coñecer outras realidades. Valorar as diferencias culturais e linguísticas coma

riqueza e oportunidades, nunca coma dificultades. A Lingua propia, que a propia Unesco reconece como ameazada, é para nós a lingua de comunicación natural tal e como se recolle no Plan Lingüístico do centro xa que é obxectivo prioritario de institucións culturais e educativas coidar de que non se rompan as cadeas naturais de transmisión.

4. Pensamento crítico:

Que os estudantes non só coñezan senón que pensen a partir do que coñecen (Perkins).

Pensar para entender. Pensar para aprender.

O pensamento crítico que resulte valioso para o alumnado debe ir acompañado de reflexión e creatividade desenvolvendo, ao tempo, habilidades argumentativas.

5. Escola democrática e participativa:

Educar con actitude de diálogo. É dicir: desenvolver capacidades e habilidades para a convivencia social, a solidariedade, a participación e o respecto.

Participación, diálogo permanente, emisión de opinión, reflexión crítica respecto das normas e as consecuencias da transgresión, aceptación de responsabilidades.

6. Escola respectuosa coa diversidade e as etapas do desenvolvemento:

Partimos do coñecemento das etapas de desenvolvemento da infancia, en concreto nos tramos de idade que comprenden ao noso alumnado. Teranse en conta, xaquelogo, as necesidades de cada unha delas á hora de deseñar os espazos que lle son propios e chegarase a compromisos razoables e cómodos para todos naqueles que son comúns.

7. Transversalidade educativa:

Persequimos unha escola na que o alumnado aprenda a desenvolver tódalas súas potencialidades, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver cos valores: educar para a paz, para a defensa do medio ambiente, para a saúde, para a igualdade entre homes e mulleres, para a pluralidade relixiosa e cultural, para a tolerancia, para o respecto e sensibilidade pola identidade sexual das persoas. En definitiva: educar para ser capaces de implicarnos e motivarnos para cambiar o mundo desde o noso contorno. Por isto, a nosa metodoloxía de aprendizaxe, estará iluminada pola transversalidade.

8. A importancia das emocións:

O cerebro só aprende se hai emoción.

Só se pode ensinar a través da alegría.

Ambalas dúas frases pretencen ao neurocientífico Francisco Mora e resumen perfectamente o ideal deste centro respecto do tratamento e posta en valor das emocións no traballo de aula.

9. Somos un colexio:

Polo tanto todos actuamos baixo as mesmas propostas, proxectos, normas, acordos... sempre de maneira colexiada e alumnado e familias así teñen que percibilo. O Consello escolar, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Claustro e, en última instancia, o Equipo Directivo, fixan criterios que a todos comprometen. Un Colexio non é unha suma de escolas unitarias.

3. Obxectivos

3.1. Ámbito humano, de relación e de convivencia

- a) Establecer un marco de convivencia baseado nas nosas NOFC que permita a todos os membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- b) Conseguir que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de amizade e comunicación.
- c) Entender que o colexio perténcelle á Comunidade: aquí edúcanse todas e todos os habitantes de Malpica pasándose o relevo de pais a fillos. Por esta razón a ANPA e o concello son os primeiros interesados no mantemento da excelencia así coma na defensa e consecución de diferentes recursos ante outras institucións.
- d) Responder ás necesidades de formación do profesorado para a súa aplicación práctica na aula sempre na onda de propiciar a innovación e superar metodoloxías caducas e obsoletas unificando a liña metodolóxica do centro. Para elo, deseñárase un plan de formación anual colectivo e propio do centro que dé respostas a este obxectivo (na actualidade chámanse PFPP).
- e) Fomentar o compromiso solidario co noso entorno social e cultural.
- f) Fomentar hábitos cívicos así como de compromiso co medio ambiente.
- g) Integrar a todos os compoñentes da Comunidade Educativa neste Proxecto Educativo, transmitir a ilusión e convencemento que temos no mesmo.

3.2. Ámbito pedagóxico

- a) Proponer iniciativas e experiencias pedagóxicas e de innovación consolidando as que xa nos son propias.
- b) Poñer o foco da acción educativa na actividade interdisciplinar, internivel e a aprendizaxe significativa e funcional.

- c) Establecer un deseño metodolóxico que integre as estratexias máis axeitadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz dos alumnos: Contextos educativos e laboratorios de aprendizaxe.
- d) Diseñar espazos educativos e laboratorios de aprendizaxe axeitados ao nivel de desenvolvemento do alumnado e dotar aos mesmos do material didáctico pertinente.
- e) Priorizar as propostas de maior interese e funcionalidade para o alumnado, procurando inserir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural.
- f) Propiciar situacións de comunicación para crear climas favorables.
- g) Desenvolver a socialización do alumnado a través do traballo cooperativo como complemento do individual.
- h) Respetar os tempos evolutivos en relación á construción da aprendizaxe e desenvolvemento integral dos nenos e nenas.
- i) Procurar que os noso alumnado adquira os medios necesarios para o acceso á cultura do noso tempo.
- j) Estimular no alumnado a adquisición de hábitos e dinámicas funcionais para a vida, facendo que se sinta protagonista da súa propia educación e intentando conseguir o maior grao de preparación intelectual, ética, social e física.
- k) Traballar a transversalidade como fonte importante da adquisición de valores e actitudes.
- l) Transmitir ás familias a idea de *organización colexiada*. Para elo, e sempre que se actúe como profesor/a, titor/a ou parte integrante da estrutura escolar, farase conforme ás funcións e mandatos recollidos nos diferentes documentos legais sexan estes de elaboración estatal, autonómica, provincial ou do propio centro.
- m) Fomentar o respecto cara as diferenzas ideolóxicas, relixiosas, sociais, culturais..., para conseguir unha escola tolerante e respectuosa.
- n) Realizar as necesarias exploracións e valoracións pedagóxicas do alumnado durante o seu período de estancia no centro educativo.
- o) Informar ao Departamento de Orientación sobre as incidencias e situacións que poidan alterar o proceso de desenvolvemento do alumnado e a aplicación do Proxecto Educativo do Centro.
- p) Realizar seguimento dos alumnos, con maiores necesidades por parte dos diferentes profesionais.
- q) Realizar entrevistas persoais coa familia ou tutores, para informar, aclarar puntos de vista, resolver situacións ou orientar acerca de circunstancias determinadas.
- r) Avaliar de común acordo os resultados obtidos e estudar as posibilidades de corrección das

anomalías detectadas.

- s) Valorar todos os aspectos de maneira interdisciplinar no momento da alta ou posible matrícula dun novo alumno.
- t) Utilizar os instrumentos de avaliación previstos para cada ciclo educativo.
- u) Levar a cabo un seguimento e valoración da consecución dos obxectivos do propio equipo directivo, reflectidos na Programación Xeral Anual e posteriormente avaliados na Memoria Final Anual.

3.3. Ámbito institucional

- a) Proporcionar ao profesorado, na medida do posible, os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- b) Integrar na vida do centro ao alumnado, familias, mestres/as e persoal non docente, facilitándolles canles de información e participación.
- c) Entender que cada profesor/a, no exercicio das súas funcións, é a cara da administración educativa e actúa respaldado por esta en calquera dos seus niveis sempre que o faga conforme aos acordos colexiados.
- d) Distribuir competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- e) Organizar axeitadamente os espazos do centro optimizando o seu uso e funcionalidade ao servizo da aprendizaxe.
- f) Fomentar a colaboración da nosa escola con outros colexios, asociacións, organismos sociais e/ou culturais como forma de enriquecer a nosa personalidade educativa e de centro.
- g) Implicar ao centro na mellora do contexto social no que se circunscribe.
- h) Facer partícipe á toda a comunidade educativa do que aquí sucede.
- i) Transmitir a toda a comunidade a súa responsabilidade como partes integrantes do feito educativo.

3.4. Ámbito de xestión e organización do centro

- a) Conseguir a máxima transparencia nas informacións, comunicacións e participacións na vida do centro.
- b) Conservar e transmitir a identidade de centro: O CEIP Milladoiro potenciando o sentido de pertenza.
- c) Ser coherentes aplicando os principios e liñas metodolóxicas deseñados á acción

educativa real do centro.

- d) Potenciar as canles de información, comunicación e participación no Centro.
- e) Xestionar con responsabilidade e prioridade pedagóxica e educativa os recursos económicos do Centro.
- f) Impulsar a xestión democrática en todos os aspectos da vida escolar.
- g) Asumir a autonomía do centro, curricular e organizativa.
- h) Organizar axeitadamente o tempo e os espazos para obter o máximo aproveitamento.
- i) Establecer vías estables de comunicación coa Comunidade Escolar.
- j) Implicar a toda a Comunidade Educativa neste Proxecto Educativo de Centro.
- k) Favorecer un clima de tolerancia entre todos os membros da Comunidade Educativa resolvendo os conflitos por medio do diálogo e participación responsable.
- l) Planificar metas a longo, medio e curto prazo que favorezan a calidade de organización e xestión do centro.
- m) Propiciar e concibir o traballo en equipo como unha necesidade de centro.
- n) Propiciar o debate de ideas.
- o) Controlar o rumbo de organización escolar para asegurar que as actividades previstas e acordadas se axustan ao planificado ou acordado.

4. Aspectos curriculares

Á hora de abordar a proposta metodolóxica do centro temos que atender, en primeiro lugar ao xa exposto sobre a imprescindible preparación dos actuais escolares para o ritmo vertixinoso dos cambios que experimenta a sociedade, e en segundo á acomodación ao actual marco lexislativo concretado na ECD 65/2015, de 21 de xaneiro, que nos propón unha escola transformada e transformadora.

Establecese nesa Orde a necesidade de desenvolver no alumnado as capacidades relacionadas coas Competencias Clave sendo a escola a que debe poñer ao servizo do alumnado esta posibilidade. Así, con dito documento marco como guía, establecemos a nosa proposta metodolóxica, centrada no desenvolvemento de habilidades, destrezas, capacidades, actitudes e coñecementos previos do noso alumnado dun xeito global e íntegro como a vía de chegada de rapaces e rapazas ao coñecemento.

A adquisición de coñecemento non pode estar ligada a un único recurso como é o libro de texto senón que debemos contar con multitude de recursos razón pola que a biblioteca escolar é un recurso prioritario e imprescindible, corazón da escola, e motor

da aprendizaxe. É ela quen dirixe o emprego doutros recursos como as TIC, TAC e o TP (Tecnoloxías da Información, Tecnoloxías da Aprendizaxe e Traballo por Proxectos).

O profesorado tras unha profunda reflexión, considera importante o traballo vivenciado por parte do alumnado onde este sexa quen de crear e reconstruír/construír as aprendizaxes, incluso facendo partícipe ao entorno próximo do mesmo polo que se implica cognoscitivamente en aquilo que está a desenvolver, e aprender facendo.

Para o desenvolvemento das competencias básicas, deben artellarse, como así se está facendo dende a escola, Tarefas Integradas: aquelas que facilitan o traballo conxunto de varias áreas á vez así como varias competencias, dado que, ser competente engloba o saber, o saber facer e o saber ser, tal e como se mostra na seguinte imaxe.



4.1. Ámbito pedagógico

A introducción nos currículos das competencias básicas implica, no traballo de aula, unha nova maneira de definir as intencións educativas. A mobilización dos coñecementos característica das competencias apunta cara a un cambio no paradigma educativo. Este paradigma subliña a importancia de desenvolver actividades vinculadas á realidade (é dicir, reais e auténticas), a necesidade da interacción social e a posta en cuestión dos modelos exclusivamente baseados na transmisión de coñecementos.

Do anterior despréndese a necesidade de utilizar metodoloxías centradas no alumnado e na adquisición de destrezas e habilidades máis que de coñecementos.

En palabras de Rosa Sensat:

Abandonemos o propósito de darlle ao alumnado o dominio do coñecemento; hai que poñelo en condicións de adquirilo cando o necesite.

Estas metodoloxías, que en Educación Infantil están consolidadas no noso centro, en Educación Primaria nalgúns niveis están en tránsito. O que xa temos:

- Dispoñemos dun banco de Tarefas Integradas a disposición do profesorado para tódolos ciclos, banco que irá en aumento cada novo curso ao tempo que se revisan as xa deseñadas.

- A organización de espazos e tempos coa forma de *laboratorios de aprendizaxe* irá en aumento cada curso. No presente (2019/20) constitúe un 8% do tempo escolar semanal. É a nosa intención aumentar ao 16% no vindeiro curso. E continuar coa progresión.

4.2. Renovación metodolóxica

Os laboratorios de aprendizaxe non son outra cousa que a organización dos contidos (os mesmos que aparecen no DCB e nas Programacións de nivel) desde unha perspectiva significativa e integradora. Son un xeito de axudar:

- Ao alumnado a organizar o pensamento recollendo o seu interese e a súa curiosidade. Nos Proxectos, o alumnado: planifica, decide, coordínase, responsabilízase, organízase e FAI.
- Ao profesorado a transitar desde metodoloxías máis tradicionais a outras máis innovadoras de maneira que se sinta acompañado no tránsito.

Traballar por proxectos vains permitir avanzar na comprensión do concepto de integración de áreas, materias, disciplinas e nunha concepción do mundo e do saber; na necesidade de reflexionar sobre a realidade, sobre o que acontece, sobre as relacións persoais e sobre as interaccións que se establecen, sobre como se ensina e como se aprende cando todas e todos formamos parte do proceso e facemos camiño conxuntamente. Vai permitir, dunha maneira máis eficaz e xusta, atender á diversidade.

4.3. A Biblioteca Escolar e o PDI como motor de aprendizaxe no centro

“As bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornas educativas específicas integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e

facilitánlle ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa". O Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares (2011), Ministerio de Educación.

O CEIP Milladoiro entende que a biblioteca escolar do centro é o eixo vertebrador perfecto para xerar aprendizaxes, un servidor central en materia de información e lectura, imprescindible para o desenvolvemento dos contidos curriculares e para traballar de forma colaborativa. A biblioteca da nosa escola é e quere ser moito máis que un servizo de préstamos de libros, pretende ser un espazo que contribúa a desenvolver hábitos e intereses pola aprendizaxe ao longo da vida do noso alumnado.

A biblioteca como espazo de encontro, de intercambio, de formación, de colaboración... cedendo a súa, ás veces, obsesión polo silencio en favor dun colexio vivo onde cada neno e nena poida desenvolver a súa creatividade, acceder aos recursos culturais e de aprendizaxe, producir obxectos culturais en distintos soportes e formatos e compartir experiencias a partir das súas lecturas, as súas vivencias, os seus coñecementos, as súas investigacións e creacións.

Tal e como propugnan dende *Bibliotecas Escolares de Galicia* propoñémonos crear un *laboratorio creativo de aprendizaxes*, unha factoría da palabra e do pensamento. Esta perspectiva deixou de ser un desexo para converterse nunha realidade percibible mesmo desde o exterior tal e como demostra a nosa inclusión por parte da Consellería na segunda fase do Plan LÍA.

O elemento vertebrador da actividade de centro é o Proxecto Documental Integrado que se desenvolve cada ano dende a biblioteca do centro. Segue sorprendéndonos a impaciencia de alumnado e familias á hora de querer coñecer o novo tema a desenvolver dende o PDI. Curso a curso conséguese un maior uso e consulta dos fondos documentais e libros de consulta da biblioteca do centro así como unha significatividade importante na aproximación ao tema proposto.

Este convite a traballar por proxectos ofrecendo marcos, recursos... creando espazos... danos o resultado agardado pois integramos nel sen moitas dificultades ao profesorado novo que recibimos curso tras curso e que, en xeral, é inexperto no ABP. A nosa boa práctica ao respecto xa nos fixo en tres ocasións acreedores á distinción da Consellería no Concurso anual de Traballo por Proxectos (III, IV e VI edicións). O noso PDI conta

sempre cun espazo web propio que supón referencia para toda a comunidade e ofrece o marco axeitado para a divulgación non só de produtos finais senón tamén das fases intermedias poñendo en valor que no camino de aprender o importante é precisamente iso: o camiño.

No final de cada curso escolar, no día que dedicamos á familia, estas son convidadas a visitar o centro e é o propio alumnado quen lles presenta e explica os traballos que conformaron a actividade anual.

É frecuente que as propostas temáticas de PDI se estendan a dous cursos escolares. Un xeito de optimizar recursos e ideas.

Anualmente, no mes de xuño, o colexio escolle o que será o tema de traballo no curso seguinte. Este tema serve de eixo articulador dos Proxectos tanto de aula coma de centro no seguinte curso.

A Biblioteca escolar, ou centro de recursos documentais do colexio, é tamén o noso corazón. É, como nos dixo unha antiga alumna: *o lugar que bombea sangue e nutrientes para todo o centro.*

É a biblioteca escolar a encargada de ofrecer os recursos para acceder á información, en calquera soporte que se presente (documentais, visuais, sonoros, gráficos, electrónicos...) así como a tratala e presentala. Xa quedou dito que, nos tempos que vivimos sería absurdo ofrecer o libro de texto coma única fonte de información. Os libros de texto teñen a consideración *recurso*. Un entre outros.

Temos o enorme privilexio de ser un centro LIA-2. E tamén a enorme responsabilidade. A Administración Educativa, a través de nós, pon ao alcance do alumnado de Malpica recursos que superan, con moito, as expectativas da maioría dos centros educativos. Temos, pois, a obriga de empregalos co noso alumnado colaborando deste xeito a superar as posibles desigualdades de partida.

4.4. Interdisciplinidade e agrupamentos interniveis

Estes dous feitos están presentes no deseño das *tarefas integradas* que a lexislación educativa nos propón e no deseño dos *Laboratorios de aprendizaxe* que xa son unha

realidade no noso centro desde o curso 2019/20 e cuxa presenza propoñémonos seguir ampliando, seguindo así as estela dos deseños didácticos dos países máis desenvolvidos.

- a) A interdisciplinabilidade é un feito didáctico coñecido: existen multitude de nexos entre as distintas áreas que configuran o currículo de Educación Primaria, non son nin deben ser compartimentos estanco. Ao interrelacionar os distintos contidos xenérase un cadro de interacción. Investigación e interdisciplinabilidade son dous conceptos que van unidos, sobre todo nas disciplinas científicas que se abordan na escola, é sen dúbida unha necesidade da sociedade actual e da construción do coñecemento. Os traballos interdisciplinarios ofrecen unha mellor comprensión da natureza, da sociedade e das persoas que conforman a sociedade obxecto de estudio.
- b) Os agrupamentos internivel propician situacións de intercambio e contacto entre nenos e nenas de cursos e etapas diferenciadas, conscientes do aproveitamento que supón a todos os niveis este tipo de interacción durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

4.5. Deseño de horarios

Na actualidade, nun período de 2 sesións semanais, todo o alumnado do centro organízase en grupos interniveis e ao longo do curso asiste a diferentes laboratorios. Un tramo de alumnado entre 4º de Ed. Infantil e 2º de primaria asiste a 5 laboratorios e o outro (de 3º a 6º de primaria) a 7.

O contido deses laboratorios é curricular e avaliábel segundo un deseño preparado polo profesorado responsable de cada un deles, supervisado pola Xefatura de Estudos e incluído na Programación Xeral Anual. As sesións asignadas son unha de Lingua Galega e unha de Ciencia Naturais. Para o vindeiro curso temos a intención de ampliar ese deseño en 2 sesións máis.

Segundo o acordado no seu día polo Consello Escolar, e para responder aos criterios marcados pola LOE, a duración dos recreos, tanto de Infantil como de Primaria, será de 25 min axustando tempos para desenvolver a *Hora de Ler* que terá idéntica duración.

4.6. Libros de texto

O libro de texto é un manual, xeralmente ben organizado, con contidos expresados de maneira asequible para a idade á que vai dirixido. Neste sentido, é un recurso que

colabora ben co profesorado á hora de abordar o proceso de ensino-aprendizaxe. Por esta razón, e de momento, está presente nas nosas aulas. Pero, como xa se dixo neste mesmo documento, non sería de recibo no momento actual de desenvolvemento da sociedade da información sería ofrecer ao alumnado unha única fonte de información. Tampouco sería de recibo descansar sobre unha empresa privada a responsabilidade de organizar os contidos e a acción titorial do profesorado.

Por esta razón, na nosa escola, os libros de texto están presentes pero non descansa neles a responsabilidade de organización de contidos, temporalización dos mesmos, criterios de avaliación, deseño de tarefas... que son de competencia exclusiva do profesorado organizado en equipos e departamentos á luz non só da lexislación vixente senón tamén dos documentos do propio centro.

O ciclo de Educación Infantil e algúns niveis de Educación Primaria traballan mediante proxectos. Estes articúlanse entorno ao PDI (Proxecto Documental Integrado) do centro. A traxectoria e experiencia acumuladas, teñen sobradamente demostrada a pertinencia e eficacia desta metodoloxía que o centro asume como propia.

5. Avaliación

O proceso de ensino-aprendizaxe require ser avaliado para comprobar que se camiña cara o obxectivo, co ritmo e dirección correcta. A avaliación non debe cingirse exclusivamente a aprobar ou suspender, non se avalía só ao alumno/a senón tamén o proceso educativo e o labor docente. Nun contexto de escola inclusiva é necesario enfocar a avaliación dende o traballo por competencias básicas e habilidades do currículo, ambas engloban gran parte dos procesos de ensino- aprendizaxe e á súa vez tamén a avaliación.

A avaliación, tal como establece a LOMCE abrangue ao alumnado pero tamén ao profesorado, aos centros, á práctica docente e á marcha do propio sistema educativo.


Faremos reseña en canto á avaliación de dous ámbitos:

- a) A avaliación do alumnado e todos os aspectos que lle competen.
- b) A avaliación da práctica docente para a mellora neste ámbito en canto á metodoloxía, recursos, posta en práctica de accións, organización etc.

Asemade, definiremos as tres preguntas chave: QUE, CANDO e COMO avaliar.

O concepto de avaliación que nos propón a lexislación vixente é unha avaliación contínua e formativa, que busca axudar ao aprendiz a medir os seus logros canto a adquisición de aprendizaxes se refire, ao tempo que lle axuda a reparar no aínda non aprendido. Trátase da avaliación constructivista.

Frente á avaliación tradicional, a comparación sería:



Tomando por tanto, como referencia os documentos lexislativos vixentes en materia de avaliación, centrarémonos no aspecto recollido na Orde ECD 65/2015 de 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias clave, os contidos e os criterios de avaliación. Nesta establécese que a avaliación terá en conta o grado de desenvolvemento e dominio das competencias clave por parte do alumnado.

A avaliación considérase integrada no proceso de ensino aprendizaxe e na actividade ordinaria de aula e do centro docente, converténdose nun referente para valorar o progreso do alumnado así como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción de medidas de atención á diversidade.

Esta premisa dá resposta ás cuestións de QUE e CANDO AVALIAR, dado que esta será inicial, no arranque do proceso, continua e final, ao que engadimos o seu carácter formativo, é dicir, que permite ir reflexionando sobre a mesma e ir adoptando medidas de compensación, novas ferramentas e/ou estratexias segundo se vaian requirindo.




Así mesmo, esta mesma orde que guía necesariamente a nosa práctica docente así como

a metodoloxía establecida na escola para abordar o desenvolvemento das competencias clave, establece no seu artigo 7 con respecto á avaliación da competencias clave os seguintes aspectos:

- O profesorado empregará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino- aprendizaxe. Estas ferramentas variadas serán parte fundamental do proceso para mellorar a calidade da educación.
- Será preciso integrar ferramentas e estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, tales como a coavaliación, a avaliación entre iguais e a autoavaliación. O alumnado debe ser partícipe neste paso e ser informado ao respecto xa que procurarán a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas sobre o traballo colaborativo e formando parte da acción do profesorado na regulación do proceso ensino-aprendizaxe.
- Para valorar o axeitado desenvolvemento das competencias clave e do nivel de desempeño do alumnado o profesorado velará porque eses procedementos variados permitan a mobilización dos coñecementos, habilidades e actitudes e valores en relación coa resolución de problemas en contextos reais.

Por todo o exposto, con respecto á avaliación faise necesario o emprego de variados PROCEDEMENTOS, ESTRATEXIAS E FERRAMENTAS de avaliación.

Definimos:



En todo caso, os distintos instrumentos de avaliación empregables serán:

- a) A observación sistemática do alumnado.
- b) As evidencias de logro a nivel oral.
- c) As evidencias de logro a nivel escrito.
- d) Portfolio/E-Portfolio
- e) Os protocolos de rexistro.
- f) Os traballos de clase...

Servirán para permitir a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente. As ferramentas de avaliación estarán establecidas en torno a rúbricas de traballos concretos de aula e variadas producións que permitan valorar os distintos niveis de desempeño do alumnado, gravacións en vídeo de diversos procesos, pequenas probas escritas e orais, exposicións, maquetas, escalas de observación, cadernos de equipo... A *rúbrica para avaliar os cadernos de traballo diario* é común a todo o centro (de 3º a 6º), facilitada pola Xefatura de Estudos a comezo do curso. O alumnado contará co número necesario para incluír unha en cada caderno.

Capítulo aparte merecen as probas de desenvolvemento escrito, tradicionalmente coñecidas como exames. O exame é un tipo de proba na que se solicita do alumnado que elabore un texto expositivo ou ben un informe. Ambos son modelos textuais concretos e, como no resto dos coñecementos escolares, axustanse á norma de que a escola non demanda aquilo que non ensinou a facer. Polo tanto, o profesorado evitará solicitar a restitución de coñecementos neste formato sen asegurarse de que o modelo solicitado foi previamente practicado cos estudantes.

5.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

- a) *Análise das producións dos alumnos e alumnas*: Caderno de campo ou de clase, investigacións, portfolio, producións motrices, musicais, orais, plásticas, textos escritos, traballos de aplicación e síntese, organizadores gráficos, xogos de simulación e dramáticos, gravacións de voz e/ou imaxe, etc.
- b) *Intercambios orais co alumnado*: asamblea, entrevista e posta en común.
- c) *Observación sistemática*: Diario de clase, escala de observación, lista de
- d) cotexo, rúbrica, etc.
- e) *Observador externo*: observador externo.

- f) *Probas específicas*: exposición dun tema, proba aberta, proba de capacidade motriz, proba de interpretación de datos, proba obxectiva, etc.

Cada unha das ferramentas enumeradas require un entrenamiento por parte do alumnado para usala eficazmente, entrenamiento que será gradual ao longo de toda a etapa de Primaria. Deste xeito, correponde ao profesorado establecer ritmo e fases dese entrenamiento, asegurando que o alumnado fai uso delas con garantías de éxito. Mención especial neste capítulo require a ferramenta *exame escrito*, que pola súa presenza tradicional na escola, en ocasións escapa a esa didáctica específica que se require para afrontala con éxito.

Todas estas ferramentas establecerán os CRITERIOS PARA ESTABLECER A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO, que NUNCA poderá ser en base a unha única, establecendo no perfil de área, competencia e programación didáctica o peso concreto de cada unha delas.

Queremos que conste tamén de xeito explícito que de ningunha maneira o comportamento do alumnado formará parte do proceso de avaliación nin da súa cualificación. A avaliación debe ser sumativa e formativa, nunca punitiva. O comportamento como tal non é avaliabile e o profesorado ten a obriga de dotarse de ferramentas e estratexias metodolóxicas que lle permitan xestionar a clase con éxito e garantías.

Con todo o anteriormente dito descartamos a idea e o feito de asociar e limitar a avaliación do alumnado á realización dun *exame*.

Avogamos por tanto, por unha avaliación ampla, que teña en conta os ritmos individuais dos nenos e nenas e baseada en distintos instrumentos avaliativos (registros, observación directa, rúbricas, cadernos de observación, portfolios, escalas de valoración...) variados tal e como establece a lexislación vixente. Existen tamén espazos para a autoavaliación así como para a avaliación grupal das tarefas ou proxectos desenvolvidos. Capacitar aos nenos e nenas dunha visión crítica e reflexiva sobre o seu propio traballo supón un exercicio de mirada interna importante así como de recoñecemento do grao de responsabilidade que se acada. O profesorado con respecto a estes aspectos:

- a) Dotará ao alumnado de ferramentas para a autoavaliación e/ou coavaliación.
- b) Dará a coñecer ó alumnado as ferramentas co que será avaliado así como os niveis

de desempeño axeitados para superar as áreas, traballos, etc.

O profesorado implicado na organización e avaliación dos laboratorios de aprendizaxe de Educación Primaria manterá reunións periódicas para informar e valorar cos titores e titoras a evolución do alumnado. Nos finais de trimestre realizaranse sesións de avaliación onde se porá en común e se debatirá a evolución de cada alumno/a analizando os resultados...exporanse os resultados das rúbricas sobre competencias clave (aprender...) de aprender a aprender, traballo en grupo; estándares concretos avaliados e as listas de OBSERVACIÓN, OU DE cotexo realizadas.

O profesorado implicado nos ambientes educativos de Educación Infantil manterá igualmente reunións periódicas onde analizar o desenvolvemento dos espazos e valorar a recondución ou adaptación dalgúns deles para o seu maior aproveitamento didáctico.

5.2. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado

O Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, dispón, no seu artigo 12, determinados aspectos relacionados coa avaliación, dos cales destaca que serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final.

A orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no capítulo II do título II, regula aspectos relacionados coa avaliación, coa promoción e cos documentos oficiais de avaliación.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, dispón que na avaliación deberá terse en conta o grao de dominio das competencias.

- a) Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa,

oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

- b) A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- c) Serán referentes na toma de decisión sobre a promoción do alumnado os mínimos establecidos na concreción curricular por áreas como elementos clave, así como o perfil competencial e os estándares de aprendizaxe que se consideren prioritarios.

5.3. Criterios para avaliar o proxecto educativo do centro

Este Proxecto Educativo será avaliado periódicamente en todo o seu conxunto, é dicir, as liñas xerais e cada un dos documentos que o integran, coa finalidade de actualizar as propostas que precisan ser reconducidas, reflexionando conxuntamente sobre a necesidade de cambios que dean resposta as realidades que van evolucionando cos tempos. Para elo, deseñaranse indicadores de observación que permitan facer unha análise máis profunda da eficacia da aplicación dos distintos documentos así coma da súa actualidade e pertinencia.

O Proxecto Educativo é un documento revisable a medio/longo prazo, as súas concrecións anuais efectivas serán na Programación Xeral Anual onde todos os equipos e partes implicadas establecerán os obxectivos e actuacións para o curso escolar. Informado e aprobado en Consello Escolar, posteriormente na Memoria Final, avaliarase o grado de consecución destas propostas. En base a esta avaliación o PE poderá ser modificado ou actualizado.

O procedemento para a súa avaliación será a seguinte:

- a) Traballo por etapas educativas e niveis.
- b) CCP.
- c) Claustro.
- d) Consello Escolar.

6. Aspectos xerais para a elaboración das Programacións didácticas

- a) Características socioculturais, económicas da zona onde está ubicada o Centro.
- b) Tipoloxía do alumnado.

- c) Coherencia e continuidade entre as etapas de Infantil e Primaria.
- d) Consensuar co Departamento de Orientación unha avaliación continua, global e sumativa, cunha referencia sempre coordinada na valoración do grao de adquisición das competencias básicas.
- e) Introducir e coordinar co resto do profesorado a inclusión nas programacións didácticas das estratexias metodolóxicas referidas no PE do CEIP Milladoiro.
- f) Adecuar os obxectivos de cada etapa tendo en conta a tipoloxía do alumnado.
- g) Priorizar obxectivos e contidos en función de cada situación concreta.
- h) Diseñar contidos que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas, de ser preciso facer unha ampliación horizontal dos contidos.
- i) Favorecer un clima integrador, educativo, positivo e facilitador.
- j) Establecer normas de convivencia para potenciar as relacións baseadas no respecto mutuo e a participación activa de todos na dinámica do Centro.
- k) Priorizar obxectivos de interrelación persoal.
- l) Adecuar a organización para que outro profesorado interactúe na programación do mestre/a.
- m) Seleccionar e adaptar materiais didácticos.
- n) Priorizar obxectivos referentes á mobilidade, comunicación e relación.
- o) Diversificar obxectos e contidos. Establecer contidos nucleares e outros complementarios.
- p) Unificar criterios, instrumentos e procedementos de avaliación co resto de profesorado. Liñas de acción conxunta no referente a avaliación.
- q) Respetar o proceso de desenvolvemento e evolución acordes á idade madurativa ao alumnado.

7. Compromisos educativos entre as familias e o centro

- Promover o establecemento dunha relación adecuada entre os membros da comunidade educativa e establecer un cauce de comunicación fluído coas familias de xeito que se favoreza a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e fillas resultará esencial.
- Empoderar a familias, mestres/ mestras e equipo directivo para comprender as expectativas mutuas e dialogar para chegar acordos entorno das responsabilidades na aprendizaxe do neno/a. Se o compromiso de familias e escola é verdadeiro o alumnado

terá máis oportunidades de desenvolver o seu potencial e mellorar o seu rendemento académico.

7.1. Compromiso titorías

Cada mestre/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- b) Proporcionar ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao resto do equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- k) Manter actualizada a bitácora do seu ciclo dende onde as familias poden

informarse diaria ou semanalmente das tarefas e evolución da aula non distintos ámbitos académicos.

- l) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia aos seus pais, nais e/ou titores legais
- m) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- n) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- o) Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- p) Orientar as demandas e inquiredanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- q) Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- r) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- s) Exercer, de acordo co Proxecto Educativo e a concreción curricular do centro, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- t) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras e á xefatura de estudos.
- v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.

Proceso	Actividade
Acollida e Integración	<p>Actividades de acollida nos cambios de curso, etapa, alumnado novo:</p> <p>Presentación do profesorado, do grupo e do horario</p> <p>Acollida ó novo alumnado (non promoción, novo ingreso...)</p> <p>Coñecemento de centro: aula, dependencias e servizos</p> <p>Presentación das normas de centro</p>

	<p>Establecimiento de las reglas de aula</p> <p>Establecimiento e reparto das responsabilidades na aula</p> <p>Actividades para o coñecemento do grupo e avaliación inicial:</p> <ol style="list-style-type: none"> Observación sistemática Realización de sociogramas Actividades de dinámica de grupos
Coñecemento do alumnado	<ol style="list-style-type: none"> Recollida de información sobre o alumnado: datos persoais, competencias, posibles NEAE, previsión de apoios necesarios ... Observación directa e sistemática do alumnado
Procesos de aprendizaxe	<ol style="list-style-type: none"> Avaliación inicial (expediente, datos biográficos e familiares...) Análise das Competencias Básicas Detección de necesidades. Coordinación
Atención á diversidade	<ol style="list-style-type: none"> Elaboración da programación de aula atendendo á diversidade: obxectivos, contidos, metodoloxía actividades... Selección e adecuación dos recursos educativos ás características individuais do alumnado Elaboración e elección de materiais didácticos Seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado (avaliación formativa e continua): técnicas de observación, cuestionarios, revisión de traballos, postas en común... Solicitud de intervención do D.O. cando se considere preciso Colaboración na identificación das necesidades educativas do alumnado, determinación do estilo de aprendizaxe e das competencias básicas. Avaliación psicopedagóxica Participación na proposta, deseño, aplicación e valoración de medidas de reforzo educativo. Participación co equipo de profesores/as especialistas, co

	D.O. e co profesorado de reforzo e apoio no deseño, desenvolvemento e avaliación ds ACIS que se formulen na aula.
Desenvolvemento persoal e adaptación escolar	<p>Actividades para favorecer a adaptación e a cohesión grupal</p> <p>Actividades para facilitar a comunicación e relación entre o alumnado: habilidades sociais, resolución de conflitos...</p> <p>Actividades para desenvolver o autoconcepto positivo e favorecer o autocontrol e a autoestima.</p> <p>Actividades de dinámica de grupos e estratexias de traballo e xogo cooperativo.</p> <p>Actividades e estratexias que estimulen a capacidade de aprender e a autonomía e iniciativa persoal.</p>
Competencias Básicas	<p>Desenvolvemento de actividades dentro do Plan Lector do centro.</p> <p>Desenvolvemento de actividades que desenvolvan o Proxecto Lingüístico do centro.</p> <p>Desenvolvemento do programa de Cálculo Mental Calculín.</p> <p>Desenvolvemento das actividades que desenvolven PDI anual.</p> <p>Desenvolvemento das actividades de todos aqueles programas nos que o centro participe integrando as propostas nas tarefas curriculares ordinarias propostas ao seu alumnado</p> <p>Deseño de actividades que utilicen os diferentes espazos dos que o centro dispón a eses fin: biblioteca, radio Balea, laboratorios, Leolab...</p> <p>Participación e, de ser o caso, deseño e coordinación de actividades que fomentan a convivencia (celebracións colectivas, excursións, saídas escolares...)</p>
Proceso de avaliación	<p>Fixar criterios para una avaliación individualizada, formativa e orientadora.</p> <p>De ser o caso, aplicación ds probas pedagóxicas ao remate de cada nivel/etapa, en colaboración coa X.E. e o D.O.</p> <p>Seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas, así como do funcionamento dos posibles apoios.</p>

	<p>Elaboración dun informe individualizado do alumnado ao remate de cada curso/ciclo e coordinación co titor/a que inicia o seguinte.</p> <p>Actividades relacionadas coa promoción á ESO</p> <p>Elaboración dun informe individualizado</p> <p>Participación nas actividades de tránsito, organizadas polos D.O. respectivos.</p>
<p>Coordinación do Equipo docente</p>	<p>Coordinación do Equipo de Nivel</p> <p>Unificar criterios en relación ás tarefas encargadas para facer na casa.</p> <p>Coordinación e valoración de apoios e reforzos educativos.</p> <p>Colaboración e coordinación co D.O.</p> <p>Participación nas xuntanzas de coordinación propostas pola X.E.</p> <p>Revisión do Plan de Acción Titorial</p> <p>Participación nos equipos de traballo do centro: Biblioteca, TAC, laboratorios...</p> <p>Participar activamente na xuntanzas de coordinación interetapa (E.I.- 1º ciclo) e internivel</p>
<p>Familias e contorna</p>	<p>Acollida:</p> <p>Entrevista persoal ao inicio da escolarización</p> <p>Recollida e análise dos datos persoais do alumno.</p> <p>Circular informativa de inicio de curso para as familias comunicándolles as norms básicas de funcionamento do centro e da aula.</p> <p>Reunión informativa coas familias a comezo de cada curso.</p> <p>Manter un vínculo regular de información coa familia usando a axenda do escolar.</p> <p>Xuntanzas periódicas individuais: entrevista</p> <p>Explicación da programación de aula/centro.</p> <p>Coordinar a información sobre o proceso de aprendizaxe e a integración socio-educativa dos seus fillos/as.</p> <p>Información ás familias dos resultados da avaliación (boletín</p>

	<p>informativo trimestral)</p> <p>Información ás familias das medidas educativas adoptadas (reforzo, apoio, ACI...)</p> <p>Potenciación da implicación das familias no proceso educativo.</p> <p>Estimular a participación das familias nos proxectos de traballo de aula e de centro.complementarias e extraescolares</p> <p>Potenciación da participación das familias nas actividades.</p> <p>Colaborar co D.O. na elaboración de axuda para as familias.</p> <p>Informar ás familias con antelación sobre as decisións de non promoción de nivel/etapa</p> <p>Recomendacións e orientacións de cara ás vacacións</p>
--	--

7.2. Compromiso Familias

- a) Circular informativa de inicio de curso para as familias comunicándolle as normas básicas de funcionamento de centro/aula.
- b) Reunión informativa coas familias do alumnado.
- c) Xuntanzas periódicas individuais: entrevista.
- d) Explicación da programación aula/centro.
- e) Coordinación da información sobre o proceso de aprendizaxe e a integración socio-educativa dos seus fillos/as.
- f) Entrevistas persoais. Unha hora semanal de tutoría.
- g) Información ás familias dos resultados da avaliación: boletíns informativos trimestrais.
- h) Comunicación regular a través da axenda do escolar
- i) Información ás familias das medidas educativas adoptadas: reforzo, apoio, ACS.
- j) Potenciación da implicación da familia no proceso educativo.
- k) Participación das familias nos proxectos de traballo na aula e no centro.
- l) Potenciación da participación das familias nas actividades complementarias e extraescolares.
- m) Recomendacións, xunto co D.O. de temas relacionados coa educación dos fillos: linguaxe, desenvolvemento, hábitos saudables, estudo, xogos...
- n) Información sobre decisión de non promoción de ciclo, no seu caso.

- o) Información sobre orientación académica ó remate de Primaria (6º curso)

7.3. Compromiso centro

- a) Contribuír a favorecer unhas boas relacións entre os/as pais/nais e máis o centro.
- b) Implicar aos pais/nais nas actividades de apoio e orientación que se leven a cabo para cos seus fillos/as.
- c) Informar aos pais/nais de todo o que afecta á educación dos seus fillos/as, e pedirilles información relevante para o proceso educativo dos mesmos.
- d) Colaboración coa ANPA. Reunións periódicas para informar da evolución do curso, acordar liñas de actuación conxuntas e valorar novas propostas ou necesidades para o centro.
- e) Solicitar e propoñer a colaboración da ANPA do centro e as familias en xeral nas actividades do centro.
- f) Xuntanza xeral setembro/outubro.
- g) Xuntanza de aula coa titoría (setembro)
- h) Xuntanzas periódicas de intercambio de información sobre o desenvolvemento persoal e académico do alumnado.
- i) Boletíns informativos xerais.
- j) Boletíns informativos sobre a avaliación continua
- k) Ao longo do curso, información sobre os proxectos e actividades nos que participe o centro.
- l) O Equipo directivo velará pola boa consecución do PAT, colaborando en canto se lle solicite.

8. Plan de comunicación do centro

8.1. Profesorado

Tomando como base os principios que explica sobradamente a Lei de PDP as vías de comunicación entre o profesorado e deste co Equipo Directivo será o correo corporativo e as ferramentas que a administración educativa poña ao noso dispor. Entendemos que se trata de recursos suficientemente contrastados respecto da súa seguridade.

Se por iniciativa propia dun profesor, sempre a título persoal, se constitúe algún grupo de mensaxería rápida, farase sobre a base do consentimento mutuo, quedando o centro

exento de calquera responsabilidade civil ou penal derivada do uso que se poida facer dos datos e/ou metadatos.

8.2.Familias

A comunicación do centro coas familias estableceráse polas canles corporativas: páxina web, blogs, axendas escolares, comunicacións en papel e calquera outra que pertenza á esfera da Consellería de educación.

A tal fin, aulas e/ou ciclos posúen contas de correo electrónico:

- E.I. cativosmilladoiro@gmail.com
- 1º ciclo E.P. picarosmilladoiro@gmail.com
- 2º ciclo E.P. baleatosmilladoiro@gmail.com
- 3º ciclo E.P. apedradasgarzas@gmail.com
- D.O. e profesorado non titor/a alumnadomilladoiro@gmail.com
- Biblioteca escolar bemilladoiro@gmail.com e bemilladoiro2@gmail.com

Todas elas teñen contrasinais coñecidos por todos, asignados polo equipo TIC e depositados na Xefatura de Estudos.

Asemade, os traballos, imaxes e calquera outra produción dun aula ou ciclo, teñen a consideración de materiais do centro polo que serán aloxadas nos repositorios colectivos que a Dirección dispoña en cada momento. A idea detrás desta organización é que os materiais permanezan ao alcance desta Comunidade Educativa e non en poder dun profesor/a determinado xa que estes están de paso e a Comunidade permanece.

O centro desaconsella o uso de contas, mensaxería instantánea e teléfonos privados como vía de comunicación coas familias, ao tempo que declina calquera responsabilidade civil ou penal derivada do seu uso. Calquera consecuencia que se derivase será da exclusiva responsabilidade do profesorado implicado.

9. Revisión do PEC

O primeiro Proxecto educativo do CEIP Milladoiro de Malpica data de 1991. Trinta anos despois, plasmamos no presente documento non só as actualizacións legais correspondentes, que non foron poucas, e as prácticas, plans e proxectos que fomos incorporando froito dos avances metodolóxicos senón tamén os métodos de funcionamento, os procedementos eficaces, os protocolos sancionados polo uso que

teñen suficientemente testada a súa eficiencia, que foron consolidándose na práctica co paso do tempo e corresponden na actualidade os sinais de identidade desta comunidade educativa.

10.Base Lexislativa deste Proxecto educativo

a) Normas básicas

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Declaración dos Dereitos do Neno/a (1959).
- Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos (1966).
- Constitución Española (1978).
- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981).
- Lei de Galicia 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 2/2014, do 14 de Abril, para a igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2018 do 5 de Decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

b) Normas Educativas xerais

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, do Dereito á Educación (LOE).
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 8/05/07).
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG, 20/05/2011).
- Lei de Galicia 4/2011,do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 29/06/15).

c) Normas sobre Educación Infantil e Primaria

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG, 21/10/96).
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 9/09/14).

Para finalizar queremos destacar de novo un parágrafo do Preámbulo da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato:

“...Un enfoque metodológico basado en las competencias clave y en los resultados de aprendizaje conlleva importantes cambios en la concepción del proceso de enseñanza-aprendizaje, cambios en la organización y en la cultura escolar; requiere la estrecha colaboración entre los docentes en el desarrollo curricular y en la transmisión de información sobre el aprendizaje de los alumnos y alumnas, así como cambios en las prácticas de trabajo y en los métodos de enseñanza.”